


PUBLIART OURENSE, S.L.



“Ao principio resulta duro pola reticencia do mercado a apostar pola xente nova”

Javier Castillo Bermúdez

Datos básicos

Actividade:	Estudo de deseño gráfico
Sector de actividade	Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son
Nº empregados	3
Inversión inicial	48.100 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con contribucións propias, un préstamo bancario e un préstamo subsidiado do IGAPE. Posteriormente fóronse reinvestindo beneficios ata alcanzar o investimento actual de 60.000 €.
Web:	
Municipio:	Ourense, Ourense
Ano creación:	2002

Descrición do proxecto

Trátase dun estudo de deseño gráfico no que prestamos basicamente, servizos no campo do deseño e a comunicación visual.

A continuación describimos algúns dos servizos que prestamos:

- Campañas de publicidade e marketing
- Portafolios
- Adaptación a medios (radio, prensa e TV)
- Deseño de imaxe corporativa para empresas, institucións e particulares
- Deseño de mailing, publicidade, catálogos, folletos, carteis, dípticos, etc.
- Carteleira grande formato
- Imprenta dixital

Pretendemos innovar e ofrecer un valor engadido, algo diferente con respecto ao que se está a ofrecer.



Datos empresa

Claves do éxito

Creemos que o máis importante é o valor engadido que ofrecemos a través do deseño e a innovación, e por suposto, moitísimo traballo.

Outra das claves consiste en que nós adaptámonos ás necesidades do noso clientes, as identificamos e logo lles prestamos un asesoramento moi completo e conseguimos colaborar estreitamente co cliente para garantir a súa satisfacción e lograr o mellor resultado.

É fundamental ademais afrontar cada proxecto con moita ilusión e non só ser innovadores senón tratar de mellorar en todo o posible e superar o que o mercado ofrece en cada momento.

Situación actual


Comezamos a nosa actividade en agosto de 2002, e na actualidade xa contamos cun contrato de tres anos cun centro comercial de Ourense (Pontevella), levamos a imaxe de Expourense (dípticos, anuncios en prensa, etc.), e temos unha ampla carteira de clientes composta por varias institucións e empresas.

Traballamos con moitas tendas, nas que no só levamos a imaxe corporativa senón tamén interiorismo, rotulación, etc. Intentamos sempre facer un estudo previo da orientación que se lle pode dar a un proxecto, mais tratamos sempre de respectar a imaxe orixinaria que tiña a empresa.

Perfil cliente

Maioritariamente, institucións e empresas, quen nos demandan sobre todo servizos relacionados con deseño da imaxe corporativa e publicidade.

Traballamos ademais con algúns particulares, como por exemplo alumnos de escolas de arte aos que prestamos servizos de imprenta dixital.



Idea inicial

Moita xente nova non ve unha saída cando finaliza os seus estudos e vaise fóra a traballar por conta allea. Nós críamos nas posibilidades dunha cidade como Ourense, detectamos un mercado potencial para o que nós podíamos ofrecer e decidimos desenvolver o noso proxecto.

Principales dificultades y amenazas futuras

Ao principio resulta duro sobre todo pola dificultade dun mercado que ten reticencia a apostar pola xente nova. Mais unha vez que comezas a ter clientes e quedan satisfeitos, se lles fideliza e consegues a través deles novos clientes. Atopámonos tamén con dificultades para financiar o investimento inicial. Canto ás ameazas, sabemos que nada é eterno, pero se traballas ben e achegas creatividade, consegues progresar e consolidarte no mercado.

Perfil promotores

Os promotores achegan formación en deseño gráfico e publicidade e experiencia profesional en axencias de publicidade.

Aptitudes necesarias

É fundamental ter moita capacidade de traballo, ser constantes e ofrecer un bo trato aos clientes. E por suposto, unha grande dose de creatividade. Non nos limitamos a afrontar os proxectos desde unha perspectiva convencional senón que buscamos varias visións alternativas.



Guía de Actividad

Axencias de publicidade (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Si, realizamos varios cursos relacionados co mundo da empresa.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, sobre todo á hora de xestionala día a día. De todos modos, no noso caso, o máis importante é o deseño.

Anecdotario

Non dispoñible

